

ROGOS E PREGUNTAS QUE PLANTEXA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NO PLENO ORDINARIO DO 30 DE AGOSTO DO 2007

ROGOS:

- Colocación dun punto de luz na fachada da Igrexa de Centroña
- Colocación de un ou dous puntos de luz nos laterais da pista polideportiva de Boebre, entre o local da AAVV e a Estrada
- Pavimentación e arranxo do Camiño que dende O Portiño baixa á Praia de Centroña e remata na Ponte do ferrocarril, especialmente diante da Igrexa de Centroña
- Pavimentación do vial entre o cruce de Campolongo e Buiña, ten un pésimo estado de conservación e mantemento
- Rebacheo do vial que discorre entre o Restaurante “La Ría” e Aión.
- Rúa Ferreiros: Reposición de pedras e encintado con cemento
- Aquagest: Fuga de auga, diante do nº16 da Corredoira das Virtudes
- Festas das Peras: informar ós veciños sobre os días de recollida de lixo; extremar a limpeza na Vila. En relación á limpeza recordar que o inicio do Curso escolar é o día 12 de Setembro, co cal, solicitamos a limpeza interior e exterior dos colexios públicos.
- Rexistro Civil: Os libros do Rexistro Civil acollen unha parte fundamental da historia da nosa Vila, de ahí que a súa conservación se faga especialmente necesaria. Os movementos de poboación, e os avatares máis importantes da nosa historia máis recente aparecen reflectidos nas súas páxinas, de ahí a súa importancia de conservación e protección. Hai uns sete anos, o Concello de Ponte deume investiu algo máis dun millón de pesetas en mellorar e encadernar unha parte dos libros que se atopaban en peor estado, quedando pendente unha segunda fase que incluía os libros tamén danados polo paso do tempo. Por iso, hoxe pedimos que se poña en marcha esta segunda fase e que se proceda, ben a través da Dirección Xeral de Xustiza, ben directamente polo Concello, ó arranxo e encadernación dos

libros do Rexistro Civil, cuxa conservación resulta máis urxente polo seu estado de deterioro.

- Ordenanza Reguladora da ocupación da vía pública con sillas e mesas: Ante a falta de criterio homoxéneo para o tratamento da colocación das terrazas no noso Concello, faise necesario a redacción dunha ordenanza que regule a súa instalación e remate coas situacións de arbitrariedade e discriminación que hoxe padecemos.
- Remodelación e cambio de mobiliario no Salón de Plenos do Concello: O actual Salón de Plenos resulta incómodo, tanto para os concelleiros/as coma para o público, e pouco funcional, polo que consideramos que debería ser remodelado, dotándoo de novo mobiliario e megafonía, e mellorando a súa iluminación:

PREGUNTAS:

- Ante as recentes declaracións do Concelleiro do grupo de Goberno, Sr. Crespo, sobre a creación na presente lexislatura de 400 novas prazas de estacionamento na nosa Vila,

¿podería indicarnos onde se ubican as devanditas prazas?

- No eido educativo coidamos que nas últimas lexislaturas dende o Concello fíxose moito por mellorar os servizos e a calidade do ensino, coa colaboración da Comunidade Educativa iniciouse un camiño que precisa o seguimento do Concello. Os Socialistas coidamos que a Educación é o 1º factor de progreso individual e social é o principio de igualdade de oportunidades, polo que esixe o compromiso da Administración Municipal.

A Xunta de Galicia está apostando forte pola nosa Vila, no campo da Educación facendo un novo Couceiro, pero aínda que a obra e cuestión da Administración Autonómica os nenos e nenas son eumeses e nos debemos mirar polo rápido e eficaz remate das obras no novo “Couceiro Freijomil” e por unha posta en marcha cunha ampla dotación en completo funcionamento. Vemos que as obras

ralentizáronse durante o verán e nin se quitou o escombros do edificio de Párvulos, dando unha imaxe penosa e que ademais conleva riscos evidentes:

¿Que seguimento fixo o goberno municipal para que se aproveitara o verán e así os nosos e as nenas tiveran que estar o menos posible nas actuais instalacións con espazos reducidos e molestias polas obras?

¿Para cando van esixir o remate da demolición e limpeza dos restos do edificio de Educación Infantil?

- A Educación Infantil é unha etapa fundamental no desenvolvemento humano, ademais o ter Escolas Infantís axuda á incorporación da muller á vida laboral e á conciliación da vida familiar e laboral.

En Pontedeume conqueriuse unha Escola Infantil mais é insuficiente, estes días podemos ler nos xornais como en moitas vilas veciñas están a se inaugurar Galescolas e Escolas Infantís.

¿Dende o Goberno Municipal que estades a facer para que nos tamén teñamos axiña máis prazas de 0-3 anos?